

APLICACIÓNS DOS CAMBIOS QUÍMICOS

Algunhas das aplicacións dos cambios químicos son a produción de alimentos, a obtención de compost e a fabricación de materiais illantes.

O ser humano aprendeu a utilizar a **fermentación** que realizan algunhas bacterias, para a produción industrial de alimentos como o queixo e o iogur. Así mesmo, a fermentación producida por un tipo de fungos microscópicos, os fermentos, utilízase para a elaboración de pan, viño e cervexa.

A aplicación dos cambios químicos na industria permite a **fabricación de materiais** con novas propiedades. É o caso dos materiais illantes que impiden a conduction do calor. Estes materiais úsanse, por exemplo, na confección de traxes para bombeiros (illan da calor) e para submarinistas (illan do frío).

O **compost** é un fertilizante agrícola obtido a partir da descomposición de residuos orgánicos. A actividade de organismos descompoñedores, como bacterias e fungos, transforma os residuos en substancias útiles para as plantas.



20. Existen algunhas características que nos indican que se produciu un cambio químico. Escribe no teu caderno as que sexan certas:

- A aparición dun cheiro é sinal de que algún material novo acaba de aparecer debido á transformación química dos materiais que había ao principio.
- O feito de que unha substancia cambie de estado quere dicir que unha transformación química ocorreu.
- O cambio de cor nunha mazá indica que se formaron novas substancias.

21. Nunha depuradora de auga dunha localidade, que poderíamos facer cos restos de materia orgánica que se obteñen?

22. Dos seguintes cambios, copia no teu caderno só os que sexan químicos:

- Corrosión do ferro.
- Combustión da gasolina no motor dun coche.
- Formación do arco da vella.
- Fusión dunha pedra de xeo.
- Rotura dunha copa de cristal.



23. Investiga que material se utiliza para confeccionar os traxes dos submarinistas e busca información sobre onde se obtén este material.

24. No proceso da dixestión, convertémos a comida en nutrientes. Explica se é, polo tanto, un cambio físico ou químico. Xustifica a túa resposta.